

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (sede.vilagarcia.gal)
CELEBRADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27 de xullo de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de xuño de 2017.
 2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xuño de 2017.
 3. Toma de coñecemento dos informes de morosidade previstos na lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro (2º trimestre 2017) relativos ao Concello e á FPSDM.
 4. Toma de coñecemento das solicitudes de subvención aprobadas pola Xunta de Goberno Local e presentadas na Deputación Provincial (Plan de Obras e Servizos 2017 – Liña 1 investimento – Liña 2 gasto corrente).
 5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a reclamación de mais persoal para o Hospital Comarcal.
 7. Mocions presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
 8. Aprobación, se procede, da modificación do anexo de persoal e asignación de complemento específico aos postos vinculados á Brigada de Prevención de Incendios Forestais subvencionado polo Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia.
 9. Aprobación, se procede, de declaración de obras de especial interese ás promovidas pola Fundación Asilo-Hospitalillo para “Reforma da cuberta existente” no edificio do Asilo.
 10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para mellora da seguridade viaria e de humanización da zona de Rúa Pumariño, en Cornazo.
 11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación co laboratorio comunitario de control de bivalvos.
 12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre creación dun Xulgado Uniprovincial en materia de cláusulas abusivas hipotecarias.
 13. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia da Concelleira de Urbanismo (Dona Paola María Mochales), formulada polo grupo político municipal do PP sobre o proxecto “Itinerario accesible dende transporte público á Praza da Peixería.
 14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
 15. Rogos e preguntas.
 16. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE XUÑO DE 2017.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 29 de xuño de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2017: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO 2017:

- | Nº | DESCRIPCIÓN |
|----|--|
| 6 | Concesión de prórroga para execución de obras |
| 12 | Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento |
| 6 | Concesión de licenza para canalización |
| 2 | Concesión de licenza para segregación e/ou agrupación de fincas |
| 1 | Desestimación recurso de reposición denegación licenza para legalización de terraza en fachada |
| 1 | Declaración ineficacia de comunicación previa apertura de establecemento e arquivo expediente |
| 1 | Aceptación desestímato comunicación previa apertura de establecemento |
| 1 | Concesión renuncia a licenza de obras |
| 1 | Aceptación transmisión de licenza de obra maior |
| 3 | Concesión de legalización de obras |
| 3 | Concesión de legalización de rótulos |
| 1 | Dar conformidade a proxecto de execución |
| 1 | Concesión de licenza de obra menor |
| 7 | Concesión de licenza para instalación de terraza establecemento de hostalería |
| 6 | Aceptación de comunicación previa e documentación para inicio e desenvolvemento de actividade |
| 44 | Aceptación de comunicación previa e documentación para realización de obras ou instalacións |
| 13 | Concesión de licenza de obra maior |
| 7 | Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente |
| 1 | Orde demolición de edificación construída e ampliación do peche frontal |
| 1 | Requirimento presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores da edificación |
| 1 | Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 3 | Desestimación recurso de reposición e/ou alegacións presentadas expte. Disciplina urbanística |
| 4 | Autorización para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos |

- 8 Autorización para celebración de concertos e actuacións ao aire libre
- 3 Iniciar procedemento sancionador por infracción de horario de peche de locais
- 5 Estimar alegacións vulneración do dereito de defensa en relación expediente sancionador infracción horario de peche de locais
- 1 Declaración de prescripción de infracción expediente sancionador de tráfico
- 14 Desestimación de alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 7 Declaración de sobresemento actuacións en expedientes sancionadores de tráfico
- 7 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
- 6 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 1 Aprobación expediente de modificación de saldos iniciais
- 3 Orde de pago de facturas
- 3 Acordo devolución de ingresos indebidos por duplicidade no pago
- 1 Iniciar via executiva cobro recibos adebedados
- 1 Incoar expediente de reintegro de pagos
- 1 Aboar cantidades recadadas a Espina & Delfín, S.L.
- 4 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 14 Concesión/denegación de compensación de débito e crédito
- 1 Adxudicación contrato de préstamo a ABANCA
- 3 Concesión de permiso para realización de cachadas
- 1 Aprobación de lista provisional aspirantes admitidos e excluídos en proceso selectivo
- 3 Nomeamento de Comisión de Selección para proceso selección de persoal
- 1 Concesión de gratificación por substitución temporal de posto de traballo de nivel superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Desestimación recurso de reposición contra 1º exercicio oposición provisión 3 prazas de Policía Local
- 1 Estamación de recurso de reposición contra expediente sancionador por ausencia non xustificada do servizo
- 1 Compensación pago nómina de xuño parte proporcional paga extra a empregado municipal
- 1 Designación encargado en funcións do Servizo de Obras
- 1 Aprobación gasto aportación ao plan de pensións mes de maio
- 1 Modificar nomeamento de funcionaria interina
- 6 Nomeamento de funcionarios/as interinos/as
- 2 Bases xerais para a selección de persoal
- 1 Orde cambio titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
- 1 Aprobación expediente de contratación procedemento aberto e tramitación ordinaria
- 1 Corrección prego de cláusulas administrativas particulares adxudicación contrato de servizos
- 1 Orde representación e defensa intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
- 1 Aprobación de gasto taxa publicación anuncio no DOG

TOTAL: 241

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES DE MOROSIDADE PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO (2º TRIMESTRE 2017) RELATIVOS AO CONCELLO E Á FPSDM.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2017, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	10972.118,02	739.835,87
Investimentos reais	737.785,62	265.929,67
Outros pagos realizados por operacións comerciais		4.751,70
Sen desagregar		
TOTAL	2.709.903,64	1.010.517,24

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	712.585,69	31.859,24
Investimentos reais	95.851,09	229,90
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	5.980,97	2.913,21
TOTAL	814.417,75	35.002,35

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00 €.

Período medio de pago: 47,50 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	118.287,78	
Investimentos reais	8.432,91	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
TOTAL	126.720,69	0

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	61.969,85	269,64
Investimentos reais	1.697,03	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	63.666,88	269,64

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre da FPSDM con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00

Período medio de pago: 22,17 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

4. TOMA DE COÑECEMENTO DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PRESENTADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2017 – LIÑA 1 INVESTIMENTO – LIÑA 2 GASTO CORRENTE): Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta das memorias da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDÍA

ASUNTO: DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN “PLAN CONCELLOS 2017- LIÑAS 1 E 2 E DAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS DE CONCESIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

De conformidade co establecido na base décima do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 1, do 2 de xaneiro de 2017, dáse conta das solicitudes de subvencións presentadas na Deputación, en relación ás liñas 1 e 2 do citado Plan, así como das Resolucións e Acordos de Concesión, segundo a relación seguinte:

LIÑA 1: INVESTIMENTOS

1. “SUBMINISTRO DE CISTERNA DE REGO DE EMULSIÓN ASFÁLTICA”, cun Orzamento Total de 12.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 12.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. do 26/06/2017 por importe de 12.000,00 €.
2. “SUBMINISTRO MÁQUINA PORTAFÉRETROS”, cun Orzamento Total de 25.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 25.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. do 26/06/2017 por importe de 25.000,00 €.
3. “SUBMINISTRO DE MINIPALA CARGADORA CON CUCHARÓN BARREDORA”, cun Orzamento Total de 23.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 23.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. do 26/06/2017 por importe de 23.000,00 €.
4. “SUBMINISTRO DE MÁQUINA ASTILLADORA OU TRITURADORA”, cun Orzamento Total de 36.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 36.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. do 26/06/2017 por importe de 36.000,00 €.
5. “SUBMINISTRO DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP CON PLATAFORMA ELEVADORA”, cun Orzamento Total de 68.000,00 €. Solicitud de subvención por importe de 68.000,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por Acordo da X.G. do 30/06/2017 por importe de 68.000,00 €.
6. “SUBMINISTRO DUNHA MÁQUINA SINALIZADORA VIAL”, cun Orzamento Total de 9.680,00 €. Solicitud de subvención por importe de 9.680,00 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por R.P. do 26/06/2017 por importe de 9.680,00 €.

LIÑA 2: GASTO CORRENTE NOVO

- 1.- “PINTADO DA GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL”, cun Orzamento Total de 27.573,99 €. Solicitud de subvención por importe de 27.573,99 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por Acordo da X.G. do 19/05/2017 por importe de 27.573,99 €.
- 2.- “REPARACIÓN DE FAROLAS TIPO VILLA NAS RÚAS CASTELAO, EDELMIRO TRILLO, CONTORNO DA ALAMEDA E PRAZA RAVELLA”, cun Orzamento Total de 15.792,82 €. Solicitud de subvención por importe de 15.792,82 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por Acordo da X.G. do 12/05/2017 por importe de 15.792,82€.
- 3.- “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS PAQUES INFANTÍS DE VILAGARCÍA DE AROUSA” cun Orzamento Total de 49.929,16€. Solicitud de subvención por importe de 49.929,16 € acordada pola XGL en data 27/03/2017. Concedida a subvención por Acordo da X.G. do 12/05/2017 por importe de 49.929,16€.

- 4.- GASTO CORRENTE NOVO: ENERXÍA ELÉCTRICA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, cun orzamento total de 15.000,00 € e a solicitude de subvenión por 6.000,00 €. Concesión subvención: 6.000 €
- 5.- GASTO CORRENTE NOVO: GASTOS DE LIMPEZA E ASEO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA, cun orzamento total de 20.000,00 € e a solicitude de subvenión por 11.181,00 €. Concesión subvención: 11.181 €
- 6.- GASTO CORRENTE NOVO: LIMPEZA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, cun orzamento total de 11.500,00 € e a solicitude de subvenión por 9.500,00 €. Concesión subvención: 6.000 €
- 7.- GASTO CORRENTE NOVO: PROGRAMA SARSALÉ, cun orzamento total de 15.206,40 € e a solicitude de subvenión por 14.000,00 €. Concesión subvención: 14.000 €
- 8.- GASTO CORRENTE NOVO: PROGRAMA INTERVENCIÓN CON FAMILIAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL, cun orzamento total de 4.870,00 € e a solicitude de subvenión por 4.000,00 €. Concesión subvención: 4.000 €
- 9.- GASTO CORRENTE NOVO: PROGRAMA ACTIVA O TEU CORPO ACTIVA A TÚA MENTE, cun orzamento total de 4.356,00 € e a solicitude de subvenión por 4.000,00 €. Concesión subvención: 4.000 €
- 10.- GASTO CORRENTE NOVO: TECNOLOXÍAS EMERXENTES 2017 (FORMACIÓN E CAMPAMENTO) , cun orzamento total de 4.500,00 € e a solicitude de subvenión por 4.500,00 €. Concesión subvención: 4.500 €
- 11.- GASTO CORRENTE NOVO: COMBATE NAVAL, cun orzamento total de 35.695,00 € e a solicitude de subvenión por 18.000,00 €. Concesión subvención: 18.000 €
- 12.- GASTO CORRENTE NOVO: PROGRAMA SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE, cun orzamento total de 7.256,00 € e a solicitude de subvenión por 6.856,00 €. Concesión subvención: 6.856 €

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

5. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes:

- 1) Representante de Celadores do hospital do Salnés
- 2) Representante da organización da Festa da Ameixa de Carril en relación co asunto nº14 (mocións de urxencia)

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA A RECLAMACIÓN DE MAÍS PERSOAL PARA O HOSPITAL COMARCAL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 19 de xullo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A RECLAMACION DE MÁIS PERSOAL PARA O HOSPITAL COMARCAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno, relativa a **reclamación de máis persoal para o hospital comarcal do Salnés**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política que están a levar adiante os gobernos do PP , tamén dende a Xunta de Galiza, en contra da sanidade pública esta véndose reflectida de forma alarmante tanto no persoal como nos pacientes. A política que se ven aplicando dende a propia Xunta de Galiza e o Sergas onde cada vez máis se precarizan os servizos sanitarios públicos mentres se aumentan as axudas aos privados.

Este sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, e tense convertido na folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado os/as profesionais do Sergas son uns e unhas das principais damnificadas/os por unha política de persoal que os maltrata sistematicamente.

Un exemplo desa política de persoal é o Hospital do Salnés. Desde a súa inauguración, en xaneiro de 2001, sempre contou con servizos e recursos por debaixo das necesidades da poboación á que tiña que prestar asistencia sanitaria, e en concreto a súa a ratio de persoal sempre foi das máis baixas dos centros sanitarios dependentes do Sergas.

Neste contexto @s celadores/as deste hospital están demandando equipararse co resto de hospitais do Sergas. En primeiro lugar nas ratios, e polo tanto que se aumente o número d@s mesm@s, xa que @s que hai na actualidade son totalmente insuficientes para realizar o elevado volume de traballo da súa competencia. En segundo lugar unha estrutura organizativa que permita a súa dependencia das persoas responsábeis de persoal subalterno Cando no ano 2008 a xestión do hospital pasou a mans do Sergas, o cálculo que se realizou foi que o cadro de celadores/as preciso para atender as necesidades do hospital era de 30. A día de hoxe, 9 anos despois, a pesares de terse realizado diversas ampliacións no centro, ese cadro só está conformado por 25 persoas, das cales só 6 son fixas. Consideran que este número é totalmente insuficiente, e un agravio comparativo co resto de hospitais, a empezar pola propia EOXI Pontevedra-Salnés. A modo de exemplo, os tres andares de hospitalización, quirófanos, radioloxía e urxencias son atendidos por cinco persoas en quenda de tarde e tres de noite.

Esta situación ten como consecuencia uns ritmos de traballo inhumanos, teñen calculado que as distancias que percorren ao longo dunha xornada laboral son de entre 10 a 12 Km, teñen que manter a súa localización permanente a través de móbil desde o que reciben ordes continuamente de labores a realizar, en moitos casos simultáneas, desatender uns servizos para ter que atender outros,...etc.

Outra das demandas que realizan é que teñan dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI, e o nomeamento dunha persoa responsábel no Hospital do Salnés. Son o único hospital onde dependen de persoal sanitario. Esa dependencia faise precisa para establecer os criterios e prioridades do traballo, ao igual que a elaboración de protocolos de

traballo onde: se lles teña en conta, permitan a racionalización do traballo, delimitación de funcións...etc.

O Bloque Nacionalista Galego faise eco das demandas do colectivo de celadores/as do Hospital do Salnés e por esa razón solicita deste pleno de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar a Consellería de sanidade e ao goberno da Xunta de Galiza, a atender as demandas deste colectivo de Celadores do Hospital do Salnés, de cara a poñer os medios necesarios para que a súa labor se poida realizar en mellores condicións e que deste xeito poidan prestar un mellor servizo.

2. Instar a Consellería de Sanidade tamén, a que atendan as demandas que dende a xunta de persoal veñen reclamando en relación a petición de dotar de mais medios para este hospital do Salnés, coa fin de poder ofrecer os servizos necesarios e nunhas condicións mínimas de calidade.

Vilagarcía de Arousa, 14 de xullo de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a reclamación de máis persoal para o Hospital Comarcal.

- Intervén unha representante dos Celadores do Hospital do Salnés

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno.

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG transcrita anteriormente .

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

A seguir polo Sr. Alcalde alérase a Orde do Día do Pleno, pasando a continuación a tratar os punto nº 13 e 14 da mesma:

13. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

14. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou

se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose as seguintes:

Grupo Municipal do P.P., propón para o seu debate no Pleno, con carácter de URXENCIA, a seguinte Moción.

Os Concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 27 de xullo de 2017 a seguinte **MOCIÓN:**

APOIO A FESTA DA AMEIXA DE CARRIL NO SEU XXV ANIVERSARIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O goberno local de Vilagarcía, unha vez máis ven de presentarse como o principal inimigo da Festa da Ameixa de Carril. Unha festa recoñecida, respetada, con máis visitantes cada ano, e que nos fai únicos, tanto pola calidade do produto a exaltar en cada edición, como o entorno no que se desenrola,, fronte a unha das illas do Parque Nacional de Illas Atlánticas, a nosa Illa de Cortegada.

O goberno socialista parece non ter en conta dúas características que este ano coinciden na Festa da Ameixa, por unha parte a súa distinción como Festa de Interese Turístico de Galicia, cousa que non sorprende pois xa votaran en contra desta posibilidade no Pleno da Corporación cando o propuxera o PP, e ademáis con que este ano estase a celebrar o XXV aniversario desta Festa.

Xa por separado son motivos dabondo para o apoio sen fisuras desta Festa, pero o motivo de que coincidan os dous, aínda mais máis obrigatorio e necesario o apoio de toda a Corporación, xa que son para todos e de todos os carrilexos e vilagarcíans, en una data tan sinalada, os esforzos do goberno local, lonxe de potenciala, están centrados en atacala.

Non é a primeira vez que o PSOE de Vilagarcía se opón a que esta Festa sexa protexida e potenciada, pois cabe lembrar que con 5 concelleiros de Carril no goberno bipartito, no ano 2010, todos votaron en contra da Solicitud á Xunta de Galicia de ser declarada como Festa de Interese Turístico de Galicia, presentada polo grupo municipal do PP en Vilagarcía.

Na actualidade estase a librar outra das moitas guerras que os caprichos do Alcalde e o seu grupo de goberno está a producir, principalmente por falta de diálogo e busca de consenso (composteiros, parques, pistas multideportivas, terrazas, etc), e a última a Festa da Ameixa, só que en este caso está a por en perigo a propia continuidade da declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia como xa advertiu a Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

A falta de tempo non é excusa para o goberno local, pois as conversas xa empezaron polo mes de xaneiro ou febreiro deste ano, polo que parece que a “improvisación habitual” da xestión do goberno socialista volver a ser unha das causas deste desencontro.

Xa no mes de xullo e a escasos 30 días da celebración da Festa, o goberno local segue sen mostrar o apoio e aposta pola Festa, máis ben todo o contrario según propias manifestacións do Alcalde sobre as xestións feitas ante outras administracións.

Polo exposto anteriormente, o grupo municipal do PP, SOLICITA que se debata e aprobe no Pleno da Corporación, o seguinte

ACORDO:

- 1. Dende o goberno local, garantirase:**
 - a. A seguridade dos eventos, tanto gastronómicos, culturais e de calqueira tipo que se celebren con motivo da XXV edición da Festa da Ameixa de Carril.**
 - b. A habilitación dun espazo ou espazos delimitados, acomodados ao volume de público esperado, así como os servizos e infraestruturas complementarios para a celebración do evento.**
 - c. A sinalización adecuada da ubicación e servizos do evento, e todas as actividades realizadas nel.**
- 2. Proporcionar a todos os Grupos Municipais copia dos informes emitidos e recibidos, se os houbera, dende o Concello ás institucións autonómicas ou estais implicadas**

na adxudicación de permisos, autorizacións ou licencias para o desenvolvemento das actividades que se programan.

3. En base ao “Interese Turístico de Galicia”, que merece máxima implicación desta corporación, os problemas que xurda para poder garantir calquera dos actos desta Festa da Ameixa de Carril, será abordado en xunta de Portavoces.

Asdo. Voceiro do grupo municipal do PP

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno, con carácter de URXENCIA, a seguinte Moción.

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN, DE APOIO Á FESTA DA AMEIXA DE CARRIL 2017.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa levamos tempo asistindo nos medios de comunicación aos continuos desencontros entre o Goberno Local e a Organización da XXV edición da Festa da Ameixa de Carril.

Estamos a falar dunha festa de “Especial Interese Turístico de Galicia”, que ademais de contar co aval e promoción da Consellería de Turismo da Xunta de Galicia, conta cunha especial fama entre a nosa veciñanza, e todos aqueles que nos visitan ano tras ano, sendo un importante reclamo para a mellora non só do Turismo, tamén da promoción económica dun produto de excelente calidade, que economicamente da sustento a moitas familias desta Vila.

Todos estes elementos fan, que a celebración desta Festa da Ameixa de Carril, teña un espazo, que debería ser, importante para que dende a Administración Local se fixera todo o posible para mellorar a súa promoción, celebración e crecemento cada ano, para que sexa un motor de turismo e de promoción dun produto que sae do mar que baña a nosa localidade. Un referente gastronómico a preservar, que durante uns días sitúa a Carril e a Vilagarcía no mapa ó igual que celebracións como a Festa da Auga e o Combate Naval.

Por elo, sen coñecer os pormenores do sucedido, pode parecer que dende o Goberno Local non se actuou ca necesaria previsión para dialogar, e situar todos os eventos coincidentes de tal forma que, os que teñen datas comprometidas na norma, deben manterse fixos no calendario, e programando os outros en función das posibilidades.

Agora, unha vez que dende a Xunta de Galicia deixaron claro que non se pode variar a data da Festa, parece que non se apoian outros eventos paralelos, pero relacionados ca celebración da Festa, como son neste caso os relacionados co feito de celebrar a XXV edición desta Festa.

Isto parece mais unha demostración da pouca vontade de diálogo, e o pouco encaixe que este Goberno Local demostra cando as causas non son acatadas, mantendo unha forma de goberno moi diferente ao anunciado de que se ía contar con todos os colectivos.

Visto, que parece, que a vontade do Goberno e seguir poñendo trabas aos eventos asociados a Festa da Ameixa, vémonos na obriga de presentar esta moción ca intención de que os problemas asociados a esta Festa e a totalidade dos seus eventos e actos, sexan abordados pola totalidade da Corporación Municipal, xa que a importancia da mesma así o require. Ao mesmo tempo que se propón ao goberno local que actúe conforme aos compromisos adquiridos con outras administracións para garantir a celebración desta Festa, e non trasladar a responsabilidade da seguridade a terceiros, pois estaríase incurrindo en incumprimentos graves, que poden poñer en perigo a condición de “Especial Interese turístico de Galicia”.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes, **ACORDOS:**

1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa, garantirá:

a).- A seguridade de todos os eventos e actos, tanto festivos como gastronómicos, que se organicen con motivo da XXV edición da Festa da Ameixa de Carril.

b).-A habilitación dun espazo ou es pazos delimitados, acomodados ao volume de público esperado, así como os servizos e infraestruturas complementarios para a celebración do evento.

c).- A sinalización adecuada do evento.

2.- proporcionar a todos os Grupos Municipais copia dos informes emitidos, se os houbera, dende o Concello ás institucións autonómicas ou estatais implicadas na adxudicación de permisos ou licenza para o desenvolvemento das actividades que se programan.

3º.- En base ao feito de ser unha festa de “Interese Turístico de Galicia” , e polo tanto merece a máxima implicación desta Corporación, os problemas que xurdan para poder garantir calquera dos actos desta Festa da Ameixa de Carril, será abordado en Xunta de portavoces.

En Vilagarcía de Arousa a 24 de xullo do 2017

Asdo.Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

GRUPO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA VILAGARCÍA (PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA DIRECTA DE GALICIA)

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de xullo de 2017, a seguinte moción de urxencia:

MOCIÓN DE APOIO Á XXV FESTA DA AMEIXA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración da Festa da Ameixa no Carril non é algo que se poida organizar sen esforzos e sen a axuda indispensable por parte de todas as institucións públicas que teñen a lóxica obriga de promocionar os produtos e a industria local, así como aqueles actos festivos e culturais que deriven da mesma. Non podemos esquecer tampouco a fama internacional dos nosos produtos marisqueiros e máis concretamente na nosa zona da Ría de Arousa, dos bivalvos. Por se iso non fose suficientemente importante, folga dicir que son centos as familias que directa ou indirectamente viven dunha industria tradicional como é a derivada da extracción, elaboración, etc. destes moluscos.

Neste 2017, o dito anteriormente debe ser tomado aínda con máis celo por estarmos falando nesta ocasión da celebración da XXV Festa da Ameixa, cuxa promoción supón un investimento moi importante para a Confraría, o colectivo de parquistas, etc. Sumado a isto último, débese destacar tamén que a Festa da Ameixa goza da honrosa marca de ser Festa de Interese Turístico de Galicia.

Por todo o exposto é polo que, máis ca nunca, a Festa da Ameixa ten que contar con todo o apoio institucional posible e moi especialmente do Concello de Vilagarcía de Arousa, que debe ser a primeira administración que encabece o interese en promocionar o produto local e a súa innegable calidade.

Lamentablemente, desde o Grupo Municipal de Somos Maioría, vemos que o apoio á Festa da Ameixa por parte do Concello de Vilagarcía neste ano 2017 é bastante escaso, tanto no económico coma no organizativo. Este é un problema derivado dun erro de previsión que provoca que na fin de semana do 19 e 20 de agosto vaian coincidir varias celebracións - gastronómicas, culturais, musicais, etc.-, no que nós consideramos algo que se puido emendar hai meses, antes de que se botase enriba o tempo e se chegase a esta situación.

Pero a situación é a que é, polo que desde Somos Maioría Vilagarcía de Arousa temos claro que non é momento de analizar as causas nin buscar culpables, senón de poñer solucións. As datas de celebración da XXV Festa da Ameixa xa están acordadas polas distintas partes e a festa xa se inclúe tamén no calendario de Festas Gastronómicas, polo que desde este grupo municipal, nun intento de conseguir que a XXV Festa da Ameixa se poida celebrar nas mellores condicións para que poidamos gozar dela as e os vilagarciáns e a moita xente que se achega á nosa vila desde outros moitos lugares para poder gozar dunha festa destas características, propoñemos os seguintes

ACORDOS

1· Desde o Concello de Vilagarcía de Arousa, garantirase:

a. A seguridade de todos os actos festivos e gastronómicos que se van celebrar con motivo da XXV Festa da Ameixa.

b. A habilitación dun espazo ou espazos delimitados, acomodados ao volume de público esperado, así como os servizos e infraestruturas complementarios para a celebración da XXV Festa da Ameixa.

c. A sinalización adecuada da ubicación da XXV Festa da Ameixa.

2· O Goberno Local proporcionaralles a todos os Grupos Municipais copia dos informes emitidos dende o Concello ás institucións autonómicas ou estatais implicadas na adxudicación de permisos ou licenzas para o desenvolvemento das actividades que se programan.

3· En base ao feito de que a Festa da Ameixa está incluída naquelas de “Interese turístico de Galicia”, merece a máxima implicación desta Corporación Municipal, polo que os problemas que poidan xurdir para garantir o desenvolvemento óptimo de calquera dos actos desta Festa da Ameixa de Carril, serán abordados nas sesións que fosen necesarias da Xunta de Voceiros.

Asdo.: Gaspar Antonio González Somoza

Apróbbase por unanimidade a declaración de urxencia das tres mocións (PP, EU e Somos Maioría)

Interven un representante da organización da festa da ameixa.

Xometidas a votación conxuntamente as tres mocións acadan o seguinte resultado: dez votos a favor dos representantes dos grupos do PP, EU e Somos Maioría, e once abstencións dos representantes dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito, polo que por maioría quedan aprobadas as tres mocións.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL E ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO AOS POSTOS VINCULADOS Á BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS SUBVENCIONADO POLO CONVENIO ASINADO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, DA XUNTA DE GALICIA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Para: Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ASUNTO: Modificación do Anexo de Persoal e asignación de Complemento Específico aos postos vencellados á Brigada de Prevención de Incendios Forestais segundo o Convenio asinado coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

PRIMEIRO: O Concello de Vilagarcía de Arousa e a Consellería do Medio Rural veñen de asinar un Convenio de Colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. O citado Convenio implica para o Concello de Vilagarcía de Arousa o dispoñer do persoal para integrar unha brigada de prevención de incendios forestais que debe ter a seguinte composición:

1 xefe de brigada (Subgrupo C1)

1 peón forestal condutor (Agrupacións Profesionais)

3 peóns forestais (Agrupacións Profesionais)

Mediante nomeamento como funcionario interino para a execución do programa temporal na tempada do ano que se trate do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa, cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020. A duración do programa temporal anualmente será de 3 meses.

SEGUNDO: De conformidade cos artigos 112.3 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 2 de marzo de 2017, adoptou acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo FPSDM correspondente ao exercicio económico de 2017 así como do teito de gasto non financeiro para o exercicio 2017; non habéndose presentado alegacións contra o mesmo durante o prazo de exposición ó público segundo edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 48, de data 9 de marzo de 2017, e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, queda aprobado definitivamente o mesmo, o Cadro de Persoal (Plantilla de prazas e Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2017, e que foron publicados xunto có resumo do orzamento no BOP nº69 de 7 de abril de 2017. Os postos de traballo enumerados no apartado primeiro non están actualmente previstos na Relación de Postos de Traballo nin non Anexo correspondente a postos bases para programas subvencionados e temporais aprobado polo Pleno Municipal.

TERCEIRO: A Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia establece na Disposición Transitoria Novena: *“...El personal interino nombrado para la ejecución de programas de carácter temporal o por exceso o acumulación de tareas percibirá el complemento específico correspondiente a un puesto de trabajo de nivel base del correspondiente subgrupo o grupo de clasificación profesional.”*

Por todo o anterior e en exercizo das competencias legalmente atribuídas veño a PROPOÑER se adopte o seguinte acordo:

Modificar o Anexo da relación de Postos de Traballo que queda redactado da seguinte forma en canto á configuración de postos base:

GRUPO/SUBGRUPO/AP	COMPLEMENTO DESTINO/COMPLEMENTO NIVEL	COPLEMENTO ESPECÍFICO/INCENTIVO
Posto Base A1/ I	20	NON
Posto Base A2/ II	16	NON
Posto Base B		NON
Posto Base C1/ III	11	NON
Xefe/a Brigada Prevención de Incendios C1/ III	13	250,00€* mes
Posto Base C2/ IV	9	NON
Posto Base AP-E/ V	7	NON
Postos: Socorrista AP-E /V	7	208,00€* mes
Posto: Peón Forestal/ Peón condutor Brigada de Prevención de Incendios AP-E	9	208,00€* mes

*Os Importes serán actualizados segundo o previsto con carácter xeral na Lei 3/2017 de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación do anexo de persoal e asignación de complemento específico aos postos vinculados á Brigada de Prevención de Incendios Forestais subvencionado polo Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia.

Ausentase o Sr. García Dorgambide

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelliros/as presentes no Pleno (20)

ACÓRDASE: Aprobar a modificación do anexo de persoal e asignación de complemento específico aos postos vinculados á Brigada de Prevención de Incendios Forestais subvencionado polo Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia tal e como figura na proposta transcrita anteriormente.

Incorporase o Sr. García Dorgambide

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE OBRAS DE ESPECIAL INTERESE ÁS PROMOVIDAS POLA FUNDACIÓN ASILO-HOSPITALILLO PARA “REFORMA DA CUBERTA EXISTENTE” NO EDIFICIO DO ASILO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas do seguinte teor:

ASUNTO: SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)

INFORME:

Antecedentes de feito: DONA MARIA CELINA REY DIEGUEZ e/n FUNDACIÓN ASILO-HOSPITALILLO (G35017929) solicita o 06.06.17 (RE 7192) a bonificación no ICIO correspondente á obra “REFORMA DE CUBERTA EXISTENTE” en Rúa Ramón Piñeiro López nº 11, con fundamento en que se trata dunha obra para a Fundación de interese social adicada á atención de persoas dependentes.

Fundamentos de Dereito: Consultada a normativa de aplicación, o art. 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 1.3, reguladora do Imposto dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra.”

Proposta de resolución: a obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo o desmontado da cuberta actual, e a súa impermeabilización con sistema de cuberta plana vexetal, a realizar no edificio no que se atopa o asilo de Vilagarcía de Arousa. O feito de que sexa un inmovible destinado a albergar e coidar a persoas maiores e con dificultades fai que dita obra poida ser considerada de interese social.

Por outra parte, a solicitude de bonificación foi feita simultaneamente á solicitude de licenza de obra (06.06.2017).

Por todo elo, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a concesión da bonificación instada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración de obras de especial interese ás promovidas pola Fundación Asilo-Hospitalillo para “Reforma de cuberta existente” no edificio do Asilo.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 20 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, BNG E SOMOS MAIORÍA, e 1 voto en contra, pertencente o Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Aprobar a declaración de obras de especial interese ás promovidas pola Fundación Asilo-Hospitalillo para “Reforma de cuberta existente” no edificio do Asilo.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DE HUMANIZACIÓN DA ZONA DE RÚA PUMARIÑO, EN CORNAZO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 19 de xullo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DE HUMANIZACIÓN NA ZONA DA RÚA PUMARIÑO, DE CORNAZO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno, relativa a **mellora da seguridade viaria e de humanización na zona de Cornazo.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Cornazo entre a rúa Pumariño e a Avd. de Cornazo, os veciños/as desta zona, veñen advertindo dos perigos eminentes as entradas e saídas das mesmas, ben sexa a pé, ou en calquera tipo de vehículo. A rúa Pumariño, conta con tres conexións de dobre sentido coa Avda. de Cornazo (rúa do Mariño, rúa Montinho de Paradela, rúa Illa de Ons). No caso das rúas do Mariño e rúa Illa de Ons debido ao seu estreito trazado e a falta de espazo e beirarrúas para poder circular os peóns fai que se dean situacións de risco de continuo.

Manter o dobre sentido circulatorio nestas rúas, está a provocar situacións de risco a diario, sobre todo nos momentos de incorporación á avda. de Cornazo, ou viceversa, a través das rúas Do Mariño e Illa de Ons. O encontro de varios vehículos (uns que saen e outros que entran)

nestas vías, fai que se provoquen situacións de inseguridade que só a pericia dos condutores poden resolver.

A isto hai que engadirlle, que nestas rúas (a do Mariño e a rúa Illa de Ons), a falta de beirarrúas e a presenza de coches aparcados, provoca que a situación se complique máis aínda e aumente o perigo para calquera usuario (peón, ciclista, vehículo a motor...).

Dende o BNG entendemos que resulta necesario dar solución a este problema de falta de seguridade que están a padecer os veciños/as desta zona, polo que solicitamos do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que por parte do goberno deste concello Vilagarcía de Arousa, previo acordo cos veciños e veciñas, se valore a regulación de sentido único da rúa do Mariño e da rúa Illa de Ons, quedando unha para a entrada e outra para a saída; e que se doten as mesmas con beirarrúas ou pasos que permitan a circulación peonil segura.

2. Que por parte deste concello se tomen as medidas necesarias para a seguridade e humanización da zona.

Vilagarcía de Arousa, 13 de xullo de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora da seguridade viaria e de humanización da zona de Rúa Pumariño en Cornazo.

Por parte do Sr. González Somoza presentase a seguinte enmenda: Que o departamento técnico valore que rúa vai ser de entrada e de saída (criterio dos técnicos).

Xabier Ríos acepta a enmenda.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde xunto coa enmenda da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno.

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora da seguridade viaria e de humanización da zona de Rúa Pumariño en Cornazo, xunto coa emenda do Sr. González Somoza.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE EN RELACIÓN CO LABORATORIO COMUNITARIO DE CONTROL DE BIVALVOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de xullo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: LABORATORIO COMUNITARIO DE CONTROL DE BIVALVOS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é unha potencia marisqueira recoñecida no mundo, tanto por cantidade como por calidade do seu produto. O sector ten unha relevancia fundamental no tecido social e económico e por tanto a administración debe achegarse o máximo posible.

A saída de Gran Bretaña da Unión Europea provoca, ademais de outro tipo de problemas, a necesaria reubicación de organismos de carácter europeo que mantiñan a súa sede en territorio británico, e que agora precisan de ser trasladados a outro lugar. Entre estes organismos se atopa o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, actualmente en Weymouth, e que ten unha importante función de investigación e coñecemento do medio mariño no referente a moluscos e control.

A presenza en Galicia da Axencia Europea de Pesca, en Vigo, evidencia o peso galego no sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo, que tería sentido que se vira reforzada coa reubicación do laboratorio citado. Existen centros de investigación e formación relevantes xa en Galicia traballando en rede, co peso fundamental da Ría de Arousa polo seu volume produtivo, como son o IGafa en A Illa ou o CIMA en Vilanova, en torno á referencia mundial do Intecmar ubicado en Vilaxoán (Vilagarcía), o que contribuiría a reforzar o traballo conxunto e a calidade da produción científica, así como a súa aplicación á produtividade e desenvolvemento do sector.

Dadas as circunstancias cambiantes por mor do Brexit, a relevancia de Galicia no sector e a presenza de entidades que poderían aumentar exponencialmente a produción científica e aplicada do sector da investigación mariña, así como o impacto económico directo da presenza dun laboratorio comunitario en Galicia, sería de relevancia facer unha aposta seria pola atracción do ente referido. Existindo xa algúns movementos por parte da Xunta de Galicia, semellan apostas tímidas e supeditadas a decisións maiores que poden impedir unha firme candidatura, á imaxe do que ocorreu coa Axencia Europea do Medicamento na que Galicia foi ninguneada polo Goberno de España sen que existira posición crítica da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituirse como candidatura formal de España para acoller o laboratorio comunitario de referencia bacteriolóxico de bivalvos, definir a proposta concreta do Concello de Vilagarcía de Arousa candidato e constituir un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conquistar a chegada de dito laboratorio.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xullo de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación co laboratorio comunitario de control de bivalvos.

A Concelleira Dona Sagrario Castro Vidal presenta unha enmenda do grupo municipal do P.P.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno .

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación co laboratorio comunitario de control de bivalvos coa enmenda presentada polo grupo municipal do P.P seguinte:

1. Instar á xunta de Galicia a que continúe coas accións necesarias para acoller o Laboratorio Comunitario de Referencia en materia de contaminacións bacteriolóxicas e virais de bivalvos, traballando de maneira colaborativa con todas as administracións con competencia neste asunto co obxectivo de conseguir a chegada de dito laboratorio a Galicia.
2. Declarar o apoio do Concello de Vilagarcía á radicación en Vilaxoán do Laboratorio Comunitario de referencia en materia de contaminacións bacteriolóxicas e virais de bivalvos.
3. Demandar da Deputación de Pontevedra o apoio para a radicación en Vilaxoán do Laboratorio Comunitario de referencia en materia de contaminacións bacteriolóxicas e virais de bivalvos.
4. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE CREACIÓN DUN XULGADO UNIPROVINCIAL EN MATERIA DE CLÁUSULAS ABUSIVAS HIPOTECARIAS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de xullo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: CREACIÓN DUN XULGADO UNIPROVINCIAL EN MATERIA DE CLAÚSULAS ABUSIVAS HIPOTECARIAS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ilustre Colexio Oficial de Avogados de Pontevedra acordou, con data do pasado 30 de maio, manifestar o seu frontal rexeitamento á decisión do Consejo General del Poder Judicial de

especializar un xulgado por provincia para tramitar en exclusiva os preitos interpostos en materia de cláusulas abusivas hipotecarias.

En opinión do dito Colexio Oficial, trátase dunha decisión inxusta e antisocial que favorece á banca en prexuízo da cidadanía, sobre todo daquelas persoas que non residen nas catro cidades nas que se sitúan as sedes elixidas; entenden ademais que a medida prexudica o funcionamento da Administración de Xustiza, ao impedir repartir o traballo dunha forma axeitada entre os distintos partidos xudiciais sobrecargando a catro Xulgados xa colapsados.

Pola súa banda, o Consejo General da Abogacía Española, que representa aos 83 colexios de avogados de España, e o Consello da Avogacía Galega amosaron tamén o seu rexeitamento á proposta do CGPJ de creación destes xulgados uniprovinciais especializados, argumentando que a dita decisión excepcióna as normas procesuais en materia de competencia territorial en prexuízo das persoas afectadas, ás que se obriga a renunciar ao foro predeterminado, e non garante unha maior eficacia nin rapidez na tramitación dos procedementos.

Por estes motivos, a instancia do Ilustre Colexio Oficial de Avogados de Pontevedra, este concello quere sumarse ao rexeitamento á creación dun xulgado uniprovincial referido, coa intención de evitar o establecemento de calquera medida que prexudique á cidadanía afectada nos procedementos polas cláusulas hipotecarias abusivas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Amosar o rexeitamento do Concello de Vilagarcía de Arousa á creación dun xulgado uniprovincial especializado na tramitación en exclusiva dos preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias.

2. O Concello de Vilagarcía de Arousa amosa o seu apoio á Proposición Non de Lei aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia que di textualmente:

"O Parlamento insta ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España e escoitando ao Consejo General del Poder Judicial, á creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia (un en cada capital de provincia, en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela) cos medios persoais e materiais necesarios (é dicir, unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de Xustiza, funcionarios, unha sede e reparto propios) co fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas chan, sempre que o ingreso de demandas sexa superior a 900 por xulgado."

3. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xullo de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre rexeitamento da creación dun Xulgado Uniprovincial en materia de cláusulas abusivas hipotecarias.

-Ausentase a Sra. Suárez Sarmiento

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

1. Amosar o rexeitamento do Concello de Vilagarcía de Arousa á creación dun xulgado uniprovincial especializado na tramitación en exclusiva dos preitos que se interpoñan en materia de cláusulas abusivas hipotecarias.

2. O Concello de Vilagarcía de Arousa amosa o seu apoio á Proposición Non de Lei aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia que di textualmente:

"O Parlamento insta ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España e escoitando ao Consejo General del Poder Judicial, á creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia (un en cada capital de provincia, en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela) cos medios persoais e materiais necesarios (é dicir, unha sala cun xuíz, un letrado da Administración de Xustiza, funcionarios, unha sede e reparto propios) co fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas chan, sempre que o ingreso de demandas sexa superior a 900 por xulgado."

3. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de xullo de 2017

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

-Incorpórase a Sra. Suárez Sarmiento

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE URBANISMO (DONA PAOLA MARÍA MOCHALES), FORMULADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PROXECTO “ITINERARIO ACCESIBLE DENDE TRANSPORTE PÚBLICO Á PRAZA DA PEIXERÍA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 18 de xullo de 2017, solicitando que Paola María Mochales, en calidade de Concelleira Delegada de Mobilidade e máxima responsable política da área, compareza ante o pleno da corporación para dar todas as explicacións pertinentes para esclarecer as múltiples dúbidas xeradas no proxecto “Itinerario accesible dende transporte público á Praza da Peixería”, facendo especial fincapé nas razóns que motivaron que as marquesinas estivesen catro meses instaladas para despois ser retiradas, cales son as razóns para consideralas “defectuosas”, que motivou realmente o troco por outras novas, aclarar calas foron as empresas encargadas dos traballos e que relación manteñen entre elas, así como cal foi o proceso para a invitación ás empresas que optaron á adxudicación dos traballos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da solicitude de comparecencia da Concelleira de Urbanismo formulada polo grupo político municipal do PP sobre o proxecto “Itinerario accesible dende transporte público á Praza da Peixería”.

En virtude do disposto no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello, unha vez acordada polo Pleno a comparecencia, o Alcalde incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no pleno.

ACÓRDASE: a comparecencia da Concelleira Dona Paola María Mochales.

A continuación comparece neste Pleno Dona Paola María Mochales por aceptación do grupo proponente do P.P.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

15. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

16. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es/?pleno=20170727&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

E sen máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e quince minutos, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.